

Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2007

NOTA DE PRENSA

A finais de 2007 o 18,8% dos fogares galegos son unipersoais e o 20,2% está composto por persoas de 65 ou máis anos

En 2007 os fogares galegos ingresan de media 2.026 euros ao mes

Na edición de 2008 o tamaño mostral incrementouse a 10.272 fogares dende os 6.336 de edicións anteriores. A enquisa pode ofrecer entón información cunha maior desagregación xeográfica: 20 áreas en vez das 15 anteriores e tamén información para os sete grandes concellos galegos.

Outra novidade da edición de 2008 é que o período de referencia dos ingresos e gastos do fogar pasa a ser o ano natural anterior, de 1 de xaneiro a 31 de decembro. Ata esta edición referíanse aos doce meses anteriores á realización da entrevista, polo que non se correspondía cun ano natural.

Composición dos fogares

A día 31 de decembro de 2007 existen 1.002.854 fogares en Galicia cun tamaño medio de 2,7 persoas por fogar.

Número de fogares e número medio de persoas no fogar. Galicia e provincias. Ano 2007

Número e fogares e persoas

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de fogares	1.002.854	409.910	132.659	134.806	325.479
Tamaño medio do fogar	2,7	2,7	2,6	2,4	2,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

A tipoloxía máis habitual entre os fogares galegos é a formada por unha parella con fillos (o 34,8% dos fogares). Os fogares constituídos por unha parella sen fillos supoñen o 22% e o 18,8% dos fogares galegos son unipersoais. Por provincias, en Lugo e Ourense é menor a porcentaxe de fogares formados por unha parella con fillos que nas provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que a porcentaxe de fogares unipersoais é maior.

Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	18,8	17,1	21,6	27,2	16,3
Sen núcleo	2,4	2,3	3,5	2,1	2,2
Parella con fillos	34,8	35,5	29,0	29,8	38,3
Parella sen fillos	22,0	23,2	23,0	22,8	19,8
Monoparental	9,0	9,0	7,3	8,3	9,8
Un núcleo e outros	8,6	8,5	10,7	7,0	8,6
Varios núcleos	4,5	4,5	5,0	2,7	5,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

No 20,2% dos fogares galegos todos os seus membros teñen 65 ou máis anos. Ourense é a provincia cunha maior porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos (30%), seguida de Lugo (25,9%). Pola súa banda, na provincia da Coruña e Pontevedra esta porcentaxe supón o 18,1% e o 16,6% respectivamente.

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias. Ano 2007

Número e porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de fogares	202.705	73.988	34.299	40.463	53.954
Porcentaxe (incidencia)	20,2	18,1	25,9	30,0	16,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

No tocante á poboación nova, o 73,2% dos mozos e mozas galegas con idade comprendida entre os 18 e os 29 anos viven cos pais. O número de fogares compostos por persoas menores de 30 anos é de 33.720, o que supón o 3,4% do total de fogares galegos.

Entre os sete grandes concellos galegos, Ourense é o que conta cunha maior porcentaxe de fogares unipersoais (24,6%). No outro extremo atópase o concello de Vigo, onde esta porcentaxe se sitúa no 15,3%.

Mozos que viven cos pais e fogares compostos por persoas meores de 30 anos. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes e número

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Porcentaxe de mozos que viven cos pais	73,2	72,6	70,4	73,9	74,5
Núm. de fogares compostos por persoas menores de 30 anos	33.720	16.503	4.142	3.918	9.157

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Os datos fan referencia á poboación de 18 a 29 anos

Dos sete grandes concellos só en Ferrol e Ourense a porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos (22,5% e 21%) é maior que a do conxunto de Galicia (20,2%).

Situación demográfica. Grandes concellos. Ano 2007

Número e porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Número de fogares	94.843	32.792	28.705	35.395	40.490	26.835	104.143
Número medio de persoas no fogar	2,5	2,8	2,5	2,6	2,5	2,9	2,8
Porcentaxe de fogares segundo a tipoloxía							
Unipersoal	19,5	16,9	20,6	21,0	24,6	16,8	15,3
Parella con fillos	35,9	38,2	34,3	34,9	35,2	36,4	37,5
Parella sen fillos	24,7	20,0	24,9	21,4	20,4	20,5	21,7
Monoparental	9,9	9,9	9,9	7,4	10,4	13,6	12,3
Outro tipo	10,0	15,1	10,3	15,3	9,4	12,6	13,2
Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos	18,4	15,5	22,5	18,2	21,0	15,7	15,2

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

A categoría "outro tipo" inclúe: "sen núcleo", "un núcleo e outros" e "varios núcleos".

Situación económica

En 2007 os fogares galegos ingresan de media 2.026 euros ao mes.

A Coruña, con 2.131 euros ao mes, é a provincia co maior ingreso medio mensual por fogar. Séguea Pontevedra con 2.049 euros. En Lugo o ingreso medio mensual non chega aos 2.000 euros (1.927) e Ourense é a que presenta o menor ingreso (1.752 euros mensuais por fogar).

Fogares segundo o intervalo de ingresos e ingreso medio mensual do fogar. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes e euros

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ata 600,00 euros	8,2	6,6	10,1	11,4	8,2
De 600,01 a 1.000,00 euros	15,1	13,3	16,3	21,7	14,0
De 1.000,01 a 1.500,00 euros	18,5	17,8	19,9	21,3	17,7
De 1.500,01 a 2.000,00 euros	16,1	17,2	15,4	14,7	15,6
De 2.000,01 a 2.500,00 euros	14,3	14,8	13,9	9,9	15,5
De 2.500,01 a 3.000,00 euros	9,6	10,0	8,4	5,7	11,4
De 3.000,01 a 4.000,00 euros	10,0	11,1	8,8	8,8	9,5
Máis de 4.000,00 euros	8,2	9,2	7,3	6,5	8,1
Ingreso medio mensual do fogar (euros)	2.026	2.131	1.927	1.752	2.049

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O 70,2% dos ingresos dos fogares galegos procede do traballo; o 57,1% do traballo por conta allea e o 13,1% do traballo por conta propia. O 27,4% provén das prestacións e o 2,3% de rendas e outros ingresos. A Coruña e Pontevedra son as provincias con maiores porcentaxes de ingresos procedentes do traballo, mentres que Lugo e Ourense son as que teñen maiores porcentaxes de ingresos procedentes de prestacións.

Estrutura de ingresos dos fogares. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Traballo conta allea	57,1	58,7	49,0	49,3	60,9
Traballo conta propia	13,1	12,7	16,3	15,0	11,9
Prestacións	27,4	26,1	31,7	33,8	25,2
Rendas e outros ingresos	2,3	2,6	3,0	1,9	1,9
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No ano 2007 o 18,6% dos ingresos do traballo proveñen do sector da industria e a enerxía. Ségueno o comercio e a hostalería cun 17,2% e a educación e sanidade cun 15,4%.

Por sexos, nas mulleres a maior achega de ingresos do traballo provén da educación e a sanidade (26,4%) seguida polo comercio e a hostalería (22%). Para os homes, a maior porcentaxe corresponde á industria e enerxía (22,2%) e a construción (18,9%).

Estrutura de ingresos por ramas de actividade segundo o sexo. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

No 37% dos fogares galegos máis da metade dos ingresos que percibiron durante o ano 2007 procedían das prestacións. Na provincia de Ourense esta porcentaxe sobe ata o 47,4% dos fogares. En 271.017 fogares galegos (o 27% do total de fogares) o 100% dos ingresos proveñen de prestacións. Catro de cada dez fogares da provincia de Ourense só teñen ingresos por prestacións.

Fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 50%, 75% ou 100% do total dos seus ingresos. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Máis dun 50%	37,0	35,2	42,1	47,4	33,0
Máis dun 75%	29,9	27,1	34,3	41,8	26,6
O 100%	27,0	24,1	30,9	39,2	24,1

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Para o conxunto de Galicia, a taxa de risco de pobreza sitúase no 14,6%. Esta taxa calcúlase como a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Ao tomar ingresos equivalentes corríxese o efecto que produce o número de persoas do fogar no volume de ingresos. Para calcular as unidades de consumo asígnase un 1 ao primeiro adulto do fogar, 0,5 ao resto de adultos dese fogar (persoas de 14 ou máis anos) e 0,3 a cada neno do fogar (persoas menores de 14 anos).

O limiar, polo tanto, depende do número de persoas que compoñen o fogar. Deste xeito, para un fogar unipersoal o limiar en 2007 é de 603,1 euros/mes, mentres que para un fogar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar sería 904,7 euros/mes (1,5*603,1).

Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar.

Galicia. Ano 2007

Euros


	Galicia
Fogar composto por unha persoa	603,1
Fogar composto por dous adultos	904,7
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	1.266,5

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por provincias, as taxas de risco de pobreza máis altas corresponden a Ourense e Pontevedra (19,1% e 16,2%, respectivamente). Séguese Lugo, cunha taxa do 15,8%, e a máis baixa dáse na Coruña (11,7%)

Taxa de risco de pobreza. Galicia e provincias. Ano 2007

Euros



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En 2007 o 34% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 46,8% con dificultade e o 19,2% restante con moita dificultade. Por provincias, Pontevedra é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade a fin de mes (24,9%) e Ourense a que menos (13,2%).

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Con facilidade ou moita facilidade	34,0	37,1	37,4	33,6	28,8
Con dificultade	46,8	45,4	45,8	53,2	46,3
Con moita dificultade	19,2	17,4	16,8	13,2	24,9
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Para os sete grandes concellos, Santiago de Compostela é o que presenta o maior ingreso medio mensual por fogar (2.528 euros), mentres que os máis baixos rexístranse en Ferrol (2.044 euros) e Ourense (2.060 euros).

Ingresos dos fogares. Grandes concellos. Ano 2007


Número e porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Ingreso medio mensual por fogar (€)	2.377	2.528	2.044	2.196	2.068	2.260	2.197
Porcentaxe de fogares segundo o intervalo de ingresos							
Ata 600,00 €	4,5	6,5	5,9	8,7	7,7	5,2	8,0
600,01 - 1.000,00 €	13,0	11,3	14,6	11,9	15,5	13,1	12,2
1.000,01 - 1.500,00 €	15,0	15,1	18,1	16,1	19,3	18,4	16,7
1.500,01 - 2.000,00 €	16,1	10,3	16,0	18,6	16,6	12,9	14,5
2.000,01 - 2.500,00 €	14,3	11,9	20,0	12,4	11,2	14,0	17,2
2.500,01 - 3.000,00 €	11,9	12,4	10,8	7,9	8,1	9,6	10,9
3.000,01 - 4.000,00 €	10,3	16,7	8,2	14,7	11,5	13,4	10,0
Máis de 4.000,00 €	15,0	15,8	6,4	9,8	10,1	13,4	10,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Ingreso medio mensual por fogar. Áreas. Ano 2007

Euros



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Gastos dos fogares

O 20,7% dos fogares galegos ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun gasto medio de 462,7 euros ao mes. O 57,2% destes fogares dedican ata o 20% dos seus ingresos ao pagamento da hipoteca, o 34,1% entre o 20,01% e o 40%, e o 8,7% restante dos fogares, máis do 40%.

A provincia da Coruña é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca da vivenda principal (23,1%), mentres que no outro extremo atópase Ourense cun 12,8%. En canto ao gasto medio mensual, o máis alto dáse en Pontevedra (485,4 euros/mes) e o máis baixo en Lugo (406,8 euros/mes).

A porcentaxe de fogares galegos con gasto en aluguer da vivenda principal é do 10,6%, e o gasto medio por fogar neste concepto acada os 288 euros ao mes.

No tocante ás provincias, o gasto medio mensual en aluguer da vivenda principal máis elevado corresponde a Pontevedra (317,1 euros/mes) e o máis baixo a Lugo (253,1 euros/mes)

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes e euros

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca	20,7	23,1	18,4	12,8	21,9
Gasto medio mensual en hipoteca (€)	462,7	461,1	406,8	457,1	485,4
Porcentaxe de fogares con gasto aluguer	10,6	12,0	8,0	8,7	10,7
Gasto medio mensual en aluguer (€)	288,0	279,2	253,1	270,6	317,1

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Dentro dos sete grandes concellos galegos, Lugo e Ferrol son os que rexistran unha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca da vivenda principal (30,5% e 29,4% respectivamente). Ademais tamén son os concellos nos que o gasto medio mensual en hipoteca é menor (427,6 e 411,3 euros).

Respecto ao gasto en alugueiro da vivenda principal, a porcentaxe de fogares con gasto neste concepto varía do 13,4% do concello de Pontevedra ao 20,9% do concello da Coruña. Os fogares de Santiago de Compostela son os que teñen un maior gasto medio mensual en aluguer (341,5 euros) e os de Ferrol o máis baixo (204,6 euros).

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Grandes concellos. Ano 2007

Porcentaxes e euros

	Hipoteca da vivenda principal		Aluguer da vivenda principal	
	Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca	Gasto medio mensual en hipoteca (€)	Porcentaxe de fogares con gasto en aluguer	Gasto medio mensual en aluguer (€)
A Coruña	20,0	553,7	20,9	316,4
Santiago de Compostela	20,7	509,0	17,4	341,5
Ferrol	29,4	411,3	14,0	204,6
Lugo	30,5	427,6	14,0	258,5
Ourense	19,4	454,9	18,2	289,1
Pontevedra	22,1	503,7	13,4	304,3
Vigo	24,0	528,3	18,6	338,8


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Fogares con aforro en alimentos ou reparacións

O 50,2% dos fogares galegos manifesta ter aforro en alimentos, xa sexa porque os produciu o fogar ou ben porque llos regalou algún familiar ou amigo. En Ourense esta porcentaxe é 10 puntos maior (60,3%), mentres que en Pontevedra baixa ata o 43,5%.

Fogares con aforro en alimentos ou reparacións. Galicia e provincias. Ano 2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: o aforro en alimentación refírese a que os produciu o fogar ou ben llos regalou algún familiar ou amigo.

O aforro en reparacións refírese a tarefas como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles, etc realizados por algún membro do fogar e que supuxeran un aforro estimado de máis de 500 euros anuais.

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1030&paxina=003002001>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>